Club Patrulla Fluvial

1. Presentación do club

O club **Patrulla fluvial** nace porque un grupo de alumnado de 3º de ESO temos unha grande preocupación pola saúde dos ríos da nosa contorna.
Cansos e cansas de ver lixo, contaminación e espazos naturais abandonados, decidimos poñernos mans á obra e crear un club no que poidamos facer algo útil polo noso medio ambiente. Queremos investigar e actuar para mellorar o ecosistema fluvial que forma parte da nosa vida cotiá, xa que é moi importante na nosa bisbarra.
Non queremos facelo sós. Pensamos que coa forza dun grupo máis grande podemos conseguir cambios máis importantes. Se ti tamén sentes que é o momento de deixar de mirar para outro lado e empezar a coidar o que é de toda a sociedade, este club é para ti. Só tes que ter ganas de axudar, non fai falta ser unha persoa experta.
Únete a nós e participa nun proxecto que importa de verdade. En grupo podemos recuperar espazos naturais, concienciar á comunidade e demostrar que a mocidade ten moito que dicir cando se trata de protexer o planeta. O río está aí, agardando por nós... ¿sumámoste?

Asinado: a directiva do club

En IES Estudando Moito, a 30 de setembro de 2025

2. Valores do club

Os valores de **Patrulla fluvial** son a nosa identidade e a base das nosas accións que nos axudan a traballar en conxunto de forma comprometida co medio ambiente.

Respecto polo medio ambiente.

Actuar conscientemente para reducir a contaminación, promover a reciclaxe e xerar prácticas sostibles.

Responsabilidade individual e colectiva

Asumir a responsabilidade individual e colectiva cumprindo cada persoa co seu deber e traballar en conxunto para limpar os ríos e reducir a contaminación.

Colaboración e traballo en equipo

Sumar a colaboración de todos e todas para acadar un obxectivo común.

Inclusión

Crear un espazo aberto para todas as persoas, sen importar idade, xénero, orixe ou capacidade física.

Seguridade

Garantir que todas as actividades se leven a cabo con medidas que protexan a integridade física das persoas voluntarias.

3. Regras do club

Participar activamente nas actividades programadas.

Respectar o material e cumprir as normas de seguridade.

Manter unha **actitude colaborativa.**

Seguir as instrucións do equipo coordinador.

Coidar e **protexer a contorna natural** en todo momento.

Contar coa **autorización asinada polas persoas titoras legais.**

Respectar e tratar por **igual a todas as persoas membros do grupo.**

Empregar un EPI adecuado para as actividades que se realicen.

Non publicar imaxes de menores sen autorización expresa.

Comunicar ao equipo coordinador o **achado de residuos perigosos.**

4. Proposta de actividades

Limpezas:

Saídas ao río.

Recollida de residuos.

Formacións: sesións de aprendizaxe sobre:

Ecosistemas.

Seguridade.

A contorna.

Taller de reciclaxe:

Clasificación dos distintos tipos de residuos para poder facer reciclaxe diferenciada.

Pesado dos residuos para a elaboración de estatísticas.

Obradoiros sobre biodiversidade.

Campañas de sensibilización no centro:

Exposicións de mostras dos residuos atopados.

Fotografías.

Vídeos.

Rexistro e análise de datos sobre o estado do río.